



ILTMO. CONCELLO DE CANGAS
(Pontevedra)

En data 13 de abril de 2009 a Alcaldía dictou Resolución co seguinte contido na súa parte dispositiva:

Primeiro.- Avocar a competencia que en materia de contratación teño delegada na Xunta de Goberno Local aos únicos efectos de adxudicar definitivamente a obra “Pavimentación viais na parroquia de Aldán”.

Segundo.- Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato “Pavimentación viais na parroquia de Aldán”, á empresa Construcións, Obras e Viais S.A. (COVSA) co CIF n.º A-36008886, e domicilio na rúa Herminia Fariña Cobián n.º 46 (CP 36003) de Pontevedra, polo importe total de 187.767,74 €, cunha mellora sen custo adicional valorada en 11.930 €, un prazo de execución de seis meses, e unha aportación de man de obra de 10 traballadores sendo 9 propios da empresa e 1 de nova contratación.

Terceiro.- Outorgar un prazo de 5 días hábiles para a sinatura do contrato.

Cuarto.- Notificar este acordo ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal e á directora de obra, así como dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante e a súa publicación no BOP.

Quinto.- Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno Local na súa próxima sesión a efectos da súa ratificación.

Cangas, 13 de abril de 2009